



DATOS IDENTIFICATIVOS

Didáctica da lingua e literatura: Galego

Materia	Didáctica da lingua e literatura: Galego			
Código	V51G120V01501			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Departamento da E.U. de Formación de Profesorado de E.X.B. (Vigo)			
Coordinador/a	Rodríguez Lorenzo, María del Carmen			
Profesorado	Rodríguez Lorenzo, María del Carmen			
Correo-e	maria.rodriguezlore@ceu.es			
Web				
Descrición xeral	Trátase de proporcionar ao futuro docente coñecementos científicos necesarios, teóricos e prácticos, para favorecer o desenvolvemento das habilidades lingüísticas do alumnado de Educación Primaria. Así acadará un dominio adecuado de técnicas didácticas, capacidade para seleccionar recursos e estratexias de intervención didáctica, criterios para analizar os diversos materiais e referentes para avaliar o progreso nas diferentes habilidades comunicativas.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos
B2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro
B3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar
B4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
B6	Coñecer a organización dos colexios de educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Desempeñar as funcións de titoría e de orientación cos estudantes e as súas familias, atendendo as singulares necesidades educativas dos estudantes. Asumir que o exercicio da función docente ha de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
B11	Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural
C1	Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao periodo 6-12 no contexto familiar, social e escolar
C4	Identificar dificultades de aprendizaxe, informais e colaborar no seu tratamento
C46	Falar, ler e escribir correcta e adecuadamente nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma correspondente
C49	Coñecer as dificultades para a aprendizaxe das linguas oficiais de estudantes doutras linguas
D1	Capacidade de análise e síntese
D3	Comunicación oral e escrita na lingua materna
D12	Habilidades nas relacións interpersoais
D13	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D14	Razoamento crítico
D18	Creatividade

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación.	D1

Coñecer o currículo escolar da lingua e literatura galegas e a súa situación social.	C46
Adquirir coñecementos arredor dos procedementos de ensino e aprendizaxe da lingua galega como medio de comunicación. Tamén arredor do ensino e aprendizaxe da literatura galega.	D3
Saber aplicar estratexias didácticas para mellorar o proceso de desenvolvemento das habilidades lingüísticas de expresión e comprensión oral.	D12
Coñecer o proceso de aprendizaxe da linguaxe escrita e o seu ensino.	C1 C4 C49
Desenvolver estratexias didácticas para a comprensión do texto escrito e promover a creatividade.	D18
Coñecer textos de literatura popular e de literatura infantil galega e valorar o seu aproveitamento para a aprendizaxe lingüística e como medio de normalización da lingua.	D14
Coñecer textos da literatura galega, tanto culta como popular e infantil, e valorar o seu aproveitamento para o coñecemento da lingua e da cultura galega.	
Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes no alumnado.	B1 B2 B3 B4 B6 B11
Recoñecer a importancia dunha axeitada educación literaria e do fomento do hábito lector.	C1
Coñecer recursos para fomentar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.	D13
Desenvolver e avaliar os contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes.	B1 B2 B3 B4 B6 B11

Contidos

Tema	
1.- COÑECEMENTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS HABILIDADES COMUNICATIVAS.	Desenvolvemento das habilidades comunicativas. Comprensión e expresión oral. Comprensión e expresión escrita. Competencia comunicativa. Metodoloxía, estratexias e técnicas.
2.-ANIMACIÓN Á LECTURA E Á ESCRITURA.	Lectura comprensiva. As idades lectoras. Competencia literaria e competencia lectora. A biblioteca de aula. Animación á lectura. Expresión escrita: obxectivos. Formas de expresión escrita. Proceso didáctico da composición. Escrita creativa.
3.-DESENVOLVEMENTO DE EXPERIENCIAS EDUCATIVAS E DE MATERIAIS DIDÁCTICOS.	Desenvolvemento de experiencias educativas e materiais didácticos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2.5	2.5	5
Resolución de problemas	10	15	25
Traballo tutelado	14	34	48
Presentación	10	18	28
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia e traballos a realizar.
Resolución de problemas	Corrección de actividades iniciadas na aula. Orientacións sobre os criterios para a elección de traballos que o alumnado deba realizar.
Traballo tutelado	Aclaración de todas as dúbidas que expoña o alumnado. Exposición de traballos. Desenvolvemento de exercicios, propostas didácticas, experiencias educativas, proxectos... na aula realizados baixo as directrices e supervisión da profesor, de maneira autónoma e/ou de xeito colaborativo.
Presentación	Presentacións e exposicións por parte do alumnado de contidos sobre a materia obxecto de estudo, exercicios ou proxectos a desenvolver polo estudantado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Aclaracións relativas ao programa, a algún tema explicado na aula e/ou resolución de calquera dúbida referida ás encomendas que se realicen. O alumnado disporá de atención personalizada tanto nas horas de titoría (estarán marcadas no taboleiro situado xunto a porta do despacho da profesora, despacho D) coma nas horas de traballo nas aulas para resolver dúbidas, aclarar conceptos, etc.
Resolución de problemas	Aclaracións relativas ao programa, a algún tema explicado na aula e/ou resolución de calquera dúbida referida ás encomendas que se realicen. O alumnado disporá de atención personalizada tanto nas horas de titoría (estarán marcadas no taboleiro situado xunto a porta do despacho da profesora, despacho D) coma nas horas de traballo nas aulas para resolver dúbidas, aclarar conceptos, etc.
Presentación	Aclaracións relativas ao programa, a algún tema explicado na aula e/ou resolución de calquera dúbida referida ás encomendas que se realicen. O alumnado disporá de atención personalizada tanto nas horas de titoría (estarán marcadas no taboleiro situado xunto a porta do despacho da profesora, despacho D) coma nas horas de traballo nas aulas para resolver dúbidas, aclarar conceptos, etc.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas	Asistencia e participación activa na resolución de problemas e/ou exercicios.	5	B1 B2 B3 B11	C1 C4 C46 C49	D1 D3 D12 D14 D18
Traballo tutelado	Elaboración de traballos orais/escritos na aula nos que se valorará a implicación do alumnado. Elaboración de traballos a partir de lecturas de libros, de artigos, de conferencias realizadas por poñentes de prestixio, de temas relacionados coa materia, etc. que permitan afondar ou complementar os contidos da materia. Estes traballos, así como a súa cualificación específica, serán indicados nas diferentes sesións de traballo.	40	B1 B2 B3 B11	C1 C4 C49	D1 D3 D12 D13 D14 D18
Presentación	Elaboración e exposición oral na aula de traballos prácticos sobre temas ou contidos do programa. Valorarase a aplicación práctica dos contidos teóricos do temario, a planificación, a creatividade, a exposición oral.	15	B1 B2 B3 B11	C1 C4	D1 D3 D12 D13 D18
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame que será realizado na data oficial publicada na Secretaría do Centro (CONFIRMAR NA SECRETARÍA DO CENTRO).	40	B1 B2 B3	C1 C46 C49	D1 D3 D14 D18

Outros comentarios sobre a Avaliación

o sistema de avaliación pretende facer o alumnado participe do seu proceso de aprendizaxe. En liñas xerais procurarase unha avaliación continua, formativa e global, polo que se terán en conta tanto os coñecementos previos do alumnado como a súa participación no proceso de aprendizaxe e o resultado final de dito proceso. A cualificación final da materia será o resultado da suma das distintas notas obtidas das actividades realizadas, segundo as porcentaxes asignadas, tal como queda estipulado no cadro superior. É dicir, a cualificación final será a suma da nota do exame (40%), dos traballos (40%), exposicións (15%) e da asistencia e participación activa (5%). Malia o dito, será preciso ter unha nota mínima de 2,25 no exame para poder sumar as demais notas. ALUMNADO NON ASISTENTE Aquel alumnado que non asistise ás aulas ou faltase máis dun 20% do cómputo total das aulas impartidas terá que presentarse a un exame de toda a materia (este exame computará un máximo de 4 puntos). Así mesmo, deberá presentar todos os traballos sinalados na aula (estes traballos computarán un máximo de 5 puntos). Para a asignación dos traballos, o alumno/a alumna deberá poñerse en contacto coa profesora antes do día 31 de outubro de 2023. Estes traballos terá que entregalos o día da realización do exame. Aqueles alumnos e alumnas que non aproben a materia poderán recuperar as competencias non adquiridas na convocatoria do mes de xullo, manténdoseles a nota dos traballos/actividades superados, e terán que realizar novamente o exame.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Badiá Armengold, D E Vilá, M., **Juegos de expresión oral y escrita**, Graó, 2009

Ballester Roca, J., **La formación lectora y literaria**, Graó, 2015

Cassany, D. et al., **Enseñar lengua**, Graó, 1997

García Teijeiro, A., **A poesía é necesaria. Lectura e creación poética dentro da aula**, Xerais, 2009

Martín Vega, R., **Manual de didáctica de la lengua y la literatura**, Síntesis, 2009

Mendoza Fillola, A., **Didáctica de la lengua y la Literatura para Primaria**, Pearson, 2000

Roig Rechou, B. (coord.), **Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega**, Xerais, 2015

Sánchez Miguez, E. et al., **La lectura en el aula**, Graó, 2010

Bibliografía Complementaria

Muñoz Súa, B., **Comprensión escrita**, Xerais, 2004

Muñoz Súa, B., **Comprensión oral**, Xerais, 2004

Muñoz Súa, B., **Expresión escrita**, Xerais, 2004

Muñoz Súa, B., **Expresión oral**, Xerais, 2004

Roig Rechou, B. A., **A Literatura Infantil e Xuvenil no século XXI. Seis chaves para entendela mellor**, Asociación Española de Amigos del Libro/Xunta de G, 2008

Rodari, G., **Gramática da fantasía**, Kalandraka, 1999

VVAA, **Gramática insubordinada**, Xerais, 2004

Estas fontes serán ampliadas na aula.,

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Lingua e literatura: Galego/V51G120V01602

Literatura infantil e xuvenil/V51G120V01910

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua galega/V51G120V01404

Outros comentarios

- Recómendase a asistencia ás clases teóricas e prácticas, a participación activa nas sesións e a realización das tarefas prácticas, ademais da dedicación continuada ao estudo da materia.
- É preciso tamén a adquisición dun hábito lector áxil e eficaz, xunto cunha actitude crítica e analítica dos textos e materiais didácticos traballados.
- O horario de titorías da profesora estará marcado na porta do seu despacho (despacho D do segundo andar)